

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

do 31 de marzo de 2016

ACTA Nº 3/2016

Na Casa do Concello de Muros, ás vinte horas e trinta minutos do día trinta e un de marzo do ano dous mil dezaseis, reúnese o Pleno da corporación en primeira convocatoria da sesión ordinaria.

PERSOAS ASISTENTES

Alcaldesa: D^a María Xosé Alfonso Torres

Concelleiros/as:

D. José Manuel Quintela Fernández

D. José Antonio Uhía Martínez

D^a María Inés Monteagudo Romero

D. José Vázquez Rama

D^a Alianza Uhía Patiño

D. José Ángel Hermida Simil

D^a Caridad González Cerviño

D^a Sandra Maneiro Pais

D. Enrique Riomayor Caamaño

D^a María del Rosario Fernández Piñeiro

D. Manuel María García Fernández

D^a Paula Simal Mayo

Secretario: D. Luís Alberto Gil García

ORDE DO DÍA

A.-.- Parte dispositiva.

1 .- APROBACIÓN DA/S ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES (25.02.2016).

2.- TOMA DE POSESIÓN DA NOVA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, Dª MARÍA DEL ROSARIO FERNÁNDEZ PIÑEIRO.

3.- MOCIÓN DO BNG DE APOIO INSTITUCIONAL Á CANDIDATURA DE XOSÉ AGRELO HERMO PARA A CELEBRACIÓN DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2017.

4.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

B .-Parte de control dos órganos de goberno.

5.- MOCIÓN DE URXENCIA.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

A.-.- Parte dispositiva.

A Sra. alcaldesa toma a palabra para dar inicio á sesión plenaria.

1 .- APROBACIÓN DA/S ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES (25.02.2016).

A Sra. alcaldesa pregunta aos grupos se teñen algo que dicir sobre a acta do 25.02.2016.

A voceira popular advirte dun erro nos apelidos da concelleira Sra. Uhía Patiño e o voceiro do BNG pregunta sobre un parágrafo resaltado en amarelo.

Despois de concluír que o parágrafo en amarelo debeu quedar así ao redactar a acta, a Sra. alcaldesa procede á votación.

A acta do 25.02.2016 é aprobada por unanimidade.

2.- TOMA DE POSESIÓN DA NOVA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, Dª MARÍA DEL ROSARIO FERNÁNDEZ PIÑEIRO.

Logo de recibir a credencial, Dª María del Rosario Fernández Piñeiro xura o seu cargo como concelleira da Corporación do Concello de Muros dentro do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

A Sra. alcaldesa dálle a benvinda.

3.- MOCIÓN DO BNG DE APOIO INSTITUCIONAL Á CANDIDATURA DE XOSÉ AGRELO HERMO PARA A CELEBRACIÓN DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2017.

A concelleira do BNG, a Sra. Simal Mayo, dá lectura á moción:

“O grupo municipal do BNG de Muros formula, para o seu debate e aprobación en Pleno, a seguinte

MOCIÓN

Exposición de motivos:

A Asociación Cultural O Xeito está a desenvolver os trámites precisos para solicitar da Real Academia Galega que se dedique o Día das Letras Galegas de 2017 ao dramaturgo e mestre Xosé Agrelo Hermo.

Precisamente, nese ano cumprírase o 80º aniversario do seu nacemento, e o 11º do pasamento de Xosé Agrelo Hermo, non só un escritor de máis dunha decena de libros, senón tamén un director teatral que achegou o teatro aos lugares máis rudimentarios e carentes de mensaxes de liberdade, fundador de revistas e dinamizador da cultura e da lingua galega. Todos os escritos de apoio das institucións públicas e privadas de Galiza ou relacionadas con Galiza que consiga recoller O Xeito a dita candidatura, serán entregados en abril de 2016 á Real Academia Galega, para que os teña en conta á hora de elixir á persoa homenaxeada no ano 2017.

Debido á gran relevancia cultural, e á fonda pegada que o mestre Agrelo ten deixado na nosa identidade colectiva como pobo, solicitamos do Pleno da corporación a adopción do seguinte

ACORDO

Apoiar institucionalmente a candidatura de Xosé Agrelo Hermo para a celebración do Día das Letras Galegas de 2017.”

A Sra. Simal Mayo explica que a Asociación Cultural O Xeito de Esteiro lle mandou unha carta ao BNG de Muros á que lle dá lectura. Nela, o presidente comunica que na Xunta de Goberno da asociación, na reunión de marzo de 2016, acordou poñerse en contacto con todas aquelas persoas interesadas das institucións públicas e privadas de Galicia ou relacionadas con Galicia para pedir apoio para solicitarlle á Real Academia Galega que se dedique o Día das Letras Galegas de 2017 ao dramaturgo e mestre Xosé Agrelo Hermo. E que pretenden acadar o maior número de apoios que serán recollidos pola asociación, tanto no enderezo postal coma nos enderezos electrónicos.

Na rolda de intervencións os distintos grupos da oposición coinciden en que non teñen nada que engadir e que xa anunciaron na Comisión Informativa o seu voto a favor.

Antes de proceder á votación, intervén a Sra. alcaldesa e di que o seu grupo tamén xa anunciou o seu voto a favor e continúa dicindo que os que coñeceron a Xosé Agrelo en vida saben o que significou como mestre, como veciño, como director de teatro e como compañeiro. Que o ten máis que merecido polo seu labor cultural a prol das letras e da cultura galega.

Votación: Unanimidade.

Acordo:

O Pleno da Corporación de Muros, por unanimidade, acorda aprobar a moción presentada polo grupo municipal do BNG e apoiar institucionalmente a candidatura de Xosé Agrelo Hermo para a celebración do Día das Letras Galegas de 2017.

4.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta das resolucións da Alcaldía do 47 ao 115 do ano 2016, e das actas das Xuntas de Goberno Local número 4 do 04.02.2016, número 5 do 19.02.2016 e número 6 do 26.02.2016.

B .-Parte de control dos órganos de goberno.

5.- MOCIÓNS DE URXENCIA.

Non hai.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Sra. Monteagudo, voceira do grupo popular, fai os seguintes rogos e preguntas:

- En relación ás Xuntas de Goberno, que no Pleno de organización aprobouse que a periodicidade das Xuntas de Goberno sería semanal, todos os venres ás 12.00 h, polo que pregunta o porqué no mes de febreiro só houbo tres.

- En relación á dación de conta da resolución 872/2015 do 30 de decembro, na Xunta de Goberno Local do 04.02.2016, pregunta por unha avogación da competencia para aprobación de facturas de máis de 4.000,00 €. Que esa competencia é da Xunta de Goberno Local, segundo o Dec. da Alcaldía 476/2015.

- Sobre o acordo da Xunta de Goberno do 19 de febreiro de 2016 de aprobación dun gasto de 5.000,00 € para a gravación e edición dun documental realizado polo CLUB DEPORTIVO PERIODIPESCA,. Que polo visto vai realizar un congreso, unhas xornadas de conferencias cos temas *“la mujer y la caza”, “vivencias venatorias de una joven cazadora”, “pesca y competición”, “lobo ibérico”, “Agro y ganadería”*. E que se vai incorporar ao cadro de honor á alcaldesa, polo que pon na súa páxina web. Que están realmente sorprendidos de que hai uns meses se presentara unha proposta para prohibir os circos con animais e agora se financie con 5.000,00 € e que nomeen á Sra. alcaldesa socia de honor dunha asociación de caza. Que supoñen que haberá algunha explicación.

- Rogan á Sra. alcaldesa que non minta máis á Corporación. Di que non van entrar nas mentiras que leva dito ao longo destes meses porque se ían eternizar. Que se van centrar unicamente nas que dixo en relación ao Plan de Aforro e Investimento da Deputación, un préstamo a interese cero por importe de 219.233,65 €. Que na acta do Pleno do 25 de febreiro, a Sra. alcaldesa di literalmente que *“están traballando para levar a cabo as propostas dos grupos para dedicar parte á amortización de débeda e parte ás obras. Que haberá Pleno para a súa aprobación.”*. Que a acta do Pleno do 28 de xaneiro de 2016 recolle tamén unha afirmación da Sra. alcaldesa que di que *“como hai tempo suficiente para aprobar o PAI, reuniranse e traerano de novo a outro Pleno, con outra proposta, xa que ao que non están dispostos é a perder a oportunidade deste préstamo que fai a Deputación a través do PAI”*. Pero que resultou que nin amortización, nin investimentos, nin nada de nada. Que levaron a unha primeira comisión e ao Pleno de xaneiro unha proposta de amortización dun préstamo, a unha Xunta de Voceiros posterior, esa mesma proposta, á comisión posterior xa eran dous os préstamos que se pretendían amortizar e que resultou que como ían sen informar tiveron que facer outra comisión ao día seguinte na que se lles di que a última opción era amortizar o préstamo que se propuxo en xaneiro, pero que non se chegou a convocar o Pleno para debater o asunto e que ademais a Sra. alcaldesa era consciente de que en todas as comisións se abstiveron no voto tratando de facilitar un acordo ou unha negociación que non fixo. Que se non é capaz de negociar, estando en minoría, que o que ten que facer é renunciar. Que no último Pleno lle rogaron que empregara o diálogo que dixo que ía empregar. E que se a Sra. alcaldesa coas súas actitudes está a prexudicar ao Concello, que o que ten que facer é renunciar.

-En relación ao paseo de Esteiro, á vista de que os membros do goberno non son capaces de mover un só proxecto, que o seu grupo si estivo facendo xestións e que a través da súa deputada no Congreso, que conseguiron que se aprobe a elaboración do prego para logo elaborar o proxecto para arranxar o paseo de Esteiro. Que non é máis que un primeiro paso de cara á renovación do paseo, pero que é un paso importante e rogan que por parte do goberno municipal actúen con dilixencia e non poñan trabas á hora de facer as cousas que se conseguen.

-En relación ás queixas da veciñanza de Uía polas deficiencias na recollida de lixo, que estes veciños e veciñas lles comentan que levan meses con ese problema e se lle está indicando desde o Concello que é un tema de propiedades privadas no que non se pode intervir.

Afirma que a recollida do lixo non é un tema privado, que é un asunto público responsabilidade do Concello e que se non é posible recollelo no punto actual que haberá que buscar outro ou facilitar dalgunha maneira a manobra do camiión.

Continúa a voceira popular dicindo que non é un problema unicamente da veciñanza de Uía xa que se dá tamén noutros puntos polo que deberá de arbitrarse algún tipo de solución e que queren saber se o goberno ten pensado facer algo ao respecto.

-Que puideron ver na prensa que se vai abrir a piscina a próxima semana. Que é evidente que a Sra. alcaldesa pasa da Comisión de Urbanismo onde se tiñan que tratar eses temas ao igual que pasa dos acordos do Pleno. Que esas novas non llas dá aos concelleiros e ás concelleiras pero si aos xornalistas.

Que a cousa parece difícil tal e como están as instalacións, con fungos, levantamento de táboas, cadros eléctricos... E que como xa teñen experiencias de anuncios frustrados dese tipo, queren saber se é certo que se vai abrir na primeira semana do mes de abril.

-Que lle formula moitas dúbidas a xestión, que como presidenta da Mancomunidade de Auga dos Concellos de Carnota e Muros, está a facer a Sra. alcaldesa. Que despois de preguntar en numerosas ocasión por este tema, que os convocou a unha reunión sorpresa o pasado mércores con carácter extraordinario e urxente e nada menos que para tratar da prórroga do contrato de xestión do servizo de auga e das tarifas aplicables. Con menos de 24 de horas de antelación e sen documentación houbo que decidir a adxudicación dunha prórroga á empresa adxudicataria, que para eles prestaron un gran servizo pero que coa que haberá que aclarar varias cuestións pendentes.

Que hoxe len na prensa que a Sra. alcaldesa ten pensado municipalizar o servizo pero que non é un tema prioritario e que pospón calquera decisión. Pregunta a voceira popular se un contrato que remata no mes de abril non é prioritario, que cal é entón a prioridade e que pensa facer. Se pensa esperar que remate a prórroga e quedemos sen servizo de subministro de auga potable.

Contesta a Sra. alcaldesa:

-En canto ao número de Xuntas de Goberno Local, que fan todas aquelas que poden coa asistencia das catro ou cinco persoas (cando ten que estar Intervención). Que se falta o secretario ou algún dos concelleiros, que entón ese día non poden facela. Que non sempre poden estar por varios motivos: motivos persoais e cuestións de traballo, pois hai xestións que hai que facer fóra do Concello.

-Sobre a mediación de competencia para o pagamento dun gasto de máis de 4.000,00 € a Sra. alcaldesa pide ao concelleiro de Facenda, o Sr. Uhía Martínez, que conteste.

Despois de mirar que factura é, tanto a alcaldesa como o Sr. Uhía Martínez, conclúen que debe ser un erro.

A Sra. Monteagudo pide que se corrixa.

-En relación ao gasto aprobado para o CLUB PERIODIPESCA, a Sra. alcaldesa explica que é un congreso que se vai celebrar a finais do mes de abril no que van participar xornalistas de varios puntos de España e Portugal e que vai haber charlas, xornadas técnicas e distintas actividades e que ademais eses xornalistas elaboraron un vídeo promocional do Concello de Muros, de aproximadamente unha hora de duración, que é polo que o goberno do Concello de Muros considerou importante facer esa achega de cinco mil €, polo vídeo e pola promoción que

significa ter aquí xornalistas de varios puntos de España e Portugal falando do Concello de Muros.

Pregunta a Sra. Monteagudo se son xornalistas especializados en caza e a Sra. alcaldesa contesta que en pesca e caza.

Continúa dicindo que o de nomeala socia de honor, que é a primeira noticia que ten. Que en ningún momento llo comunicaron nin llo pediron. Que cre que a súa postura contra ao maltrato animal e publicamente coñecida. E insiste que non lle comunicaron nada de facela socia. E que en canto ao gasto de cinco mil euros lle parece unha boa promoción para o Concello ter en Muros, durante tres días, a un mínimo de corenta persoas, que logo van a distintos puntos de España e Portugal falando do Concello de Muros, e que espera que ben.

-En relación ao PAI, a Sra. alcaldesa contéstalle á voceira Popular que a súa intervención é unha contradición en si mesma, xa que ao mesmo tempo que está recoñecendo que houbo dúas comisións informativas e unha Xunta de Portavoces para tratar de chegar a un acordo, di que non dialogaron e que non intentaron chegar a acordos. Que cando ela dixo que se estaba traballando para incorporar as propostas dos grupos da oposición non había un informe de Intervención que di que coas condicións actuais non se podía ou non se debía destinar parte do PAI a inversións. Que non se deben facer inversións a costa de incrementar o endebedamento.

-Con respecto ao paseo de Esteiro que é unha boa noticia. Que xa dixo no Pleno en varias ocasións que tivo varias reunións co xefe de Costas, e que xa el lles comunicara que se estaban a elaborar os pregos pero que se agradece a colaboración do Partido Popular para conseguir cousas para o Concello de Muros.

-En relación ao problema de recollida de lixo en Uía, explica que hai varios meses lle trasladaran varias familias do lugar que había problemas para que o camión de recollida de lixo dera volta, xa que había unha propiedade na que moi frecuentemente había coches aparcados e preguntaban se sería posible facer algunha actuación que impedira que os coches aparcasen. Que unha vez consultado o catastro comprobaron que esa zona aparecía como pública e que ante as dúbidas, ao haber persoas que dicían que era seu, se lle requiriu por escrito para que achegaran documentación acreditativa da propiedade. Que despois de dous ou tres meses non se recibiu no Concello a documentación que acreditara a propiedade privada e ante a insistencia da veciñanza, foi a brigada de obras a marcar unhas liñas amarelas que impiden aparcar.

Que no mesmo día ou ao día seguinte de estaren pintadas as liñas amarelas, a propiedade presenta documentación acreditativa e que se cambiara a cartografía catastral dende decembro de 2015. Que ao comprobar que era propiedade privada lles dixeron que as liñas amarelas se ían a despintar. Que de terlle entregado a documentación cando lle fora requirida evitaríanse que o Concello pintara para logo despintar e eles evitarían o desgusto de ver ese espazo pintado.

Que logo a propiedade colocou unha cadea para evitar que aparcaran coches a veciñanza, polo que tampouco o camión de lixo pode virar.

Que a día de hoxe o tema está solucionado. Que falaron coa Mancomunidade e con FCC para ver de colocar un sinal de prohibido aparcar nun cruce que hai cerca para que o camión puidera dar volta alí.

Que o sinal está colocado polo que no día de hoxe ou mañá teñen que pasar a recoller o lixo.

Continúa explicando que é un problema entre particulares que acabou provocando que se colocara unha cadea e que se vira afectado un servizo público. Que ao verse afectado un servizo público, xa non é un problema particular pero que xa está resolto.

-En relación á piscina que efectivamente se vai abrir a próxima semana. Que en canto a se é verdade ou mentira non hai máis que esperar á semana próxima.

-En relación á xestión da Mancomunidade de Auga, que xa o falaron o día anterior na Xunta da Mancomunidade. Que en relación ás tarifas que se fixo o mesmo procedemento que se levaba facendo dende sempre. Que se é incorrecto que xa o deixaron enriba da mesa e que o farán da maneira máis estritamente legal e rigorosa.

Que o resto era aprobar a comunicación á empresa, unha prórroga forzosa de seis meses. Que parece ser que era necesario e imprescindible que estivera nun papel. Que ela cre que a proposta non era tan extensa nin tan complicada como para non poder dar conta dela de xeito oral, pero que xa escribirán absolutamente cada palabra para que non haxa problemas.

A voceira do grupo socialista, a Sra. González, pregunta se poden facer as preguntas, unhas a propia voceira e outras a concelleira Sra. Fernández, ao que a Sra. alcaldesa contesta que si.

Rogos e preguntas do grupo municipal do PSdeG-PSOE feitas pola súa concelleira a Sra. Fernández:

-Pregunta que pasa co lixo, que na parte de Valdexería e detrás do instituto está todo cheo de aparellos e sen recoller. Que hai colchóns, sofás.... e todo sen recoller.

-Que cando teñen pensado recoller a poda das árbores, que leva un mes sen recoller. Que hai temporais e vento, polo menos en Baño, e que está todo tirado polo Cachón.

-Que pasou este ano coas bolsas de estudo da Escola de Música. Que sempre se convocaron no mes de setembro e que o día seguinte é 1 de abril e seguen sen convocarse.

-Que nunha Xunta de Goberno está aprobado o gasto do concurso "Acendendo o Nadal" e das comparsas do Entroido e pregunta se a día de hoxe se pagaron os concursos de "Muros Mira ao Mar", xa que o mes pasado aínda estaban sen pagar.

-Que este ano houbo moitos accidentes de tráfico con ciclistas. Que Muros é un concello moi concorrido por ciclistas e rogan que se poñan sinais na estrada que percorre a vila de Muros.

A voceira do grupo socialista, a Sra. González, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Que a xente que ve as retransmisións dos Plenos, para que non queden esquecidas as preguntas sen contestar e as salte, rogan que vaia contestando pregunta por pregunta, se pode ser.

- En relación á XGL do día 4 de febreiro, que no punto 8 di que vista a relación de facturas F/2015/49, resólvese aprobar un importe total de 77.853,87 €, que non teñen as facturas e que sempre se dá copia destas. Pregunta se se vai ter esa dación de conta ao Pleno sen as facturas ou se vai quedar riba da mesa, xa que dar conta é ensinar a documentación.

-En relación á Xunta de Goberno Local do 19 de febreiro que tamén se dá conta da aprobación dunha serie de facturas que tampouco teñen. Pregunta se esa acta queda riba da mesa para dar conta do que realmente hai que dar conta, o que consta na acta e máis a documentación.

-Que na mesma acta da XGL do 19 de febreiro se aproba o *acordo de colaboración co Concello de Outes para solicitar unha subvención á Consellería de Economía, Traballo e Industria para o servizo de orientación laboral*. Que o Concello de Muros pon unha parte dos cartos (unha parte é a subvención e outras son achegas dos concellos). Que xa que a Sra. alcaldesa ten costume de renunciar ás subvencións cando hai unha parte que ten que achegar o Concello (coa salvidade de que esta subvención ten a sede no Concello de Outes), que non entenden a súa postura. Que o acordo de solicitude de subvención non di que o servizo sexa seis meses aquí e seis meses alá, que pon que se vai prestar no Concello de Outes. Que si pon que a veciñanza de Muros poden ir a Outes (que faltaría máis). Preguntan cal é o criterio, neste caso, para pedir unha subvención con achega do Concello e para dar un servizo á veciñanza de Outes. Pide unha explicación.

-Sobre o Decreto número 96, entre os pagamentos está un á Axencia Tributaria por *prestación do servizo e actividades utilización dominio públ. Marítimo terrestre*, por importe de 91,64 €. Queren saber se é ese o permiso da festa de San Pedro.

-Sobre a resolución núm. 83/16, do concelleiro delegado, José Antonio Uhía Martínez, que se aproba o *recoñecemento da obriga (Fase O), ou no seu caso, a autorización, disposición e recoñecemento da obriga (Fase ADO), así como a ordenación de pagamentos (Fase P), dos gastos contidos na relación de facturas nº O/2016/1, que ascende a un importe de 3.360,00 €, que lles falta un informe de Intervención porque parece ser que hai un informe negativo de Intervención. Que queren ver o reparo de Intervención (que xa saben que non llo vai dar pero que o teñen que pedir).*

-Pregunta conto custou a obra de "Chévere".

-Que queren saber e saben que a estas alturas o Concello de Muros ten catro denuncias de traballadores/as de limpeza. Que xa as tiñan no Pleno pasado (falando das mentiras a que facía alusión a voceira popular), que a Sra. alcaldesa dixo que o tema estaba solucionado e que é mentira pois cónstalles que o Concello de Muros xa está emprazado, polo menos en catro. Pregunta que pasa con esas denuncias e se hai algunha máis de catro.

-Pregunta que pasa co concurso do transporte adaptado, que non volveu saber nada máis del.

A Sra. alcaldesa pide que lle repita a pregunta, e a Sra. González di que se estaba sacando a concurso o transporte adaptado e queren saber que pasou con ese concurso.

-Que lles gustaría contar co informe de Intervención de cómo se pagaron as provisións de fondos do letrado do Concello. Que hai dúas facturas, de tres mil e pico de € cada unha ou as dúas (que non o sabe exactamente), pero que se pagaron contra unha provisión de fondos, non contra unha factura.

-Sobre a piscina municipal, que neste mes tampouco houbo seguimento a pesar de que se acordou no Pleno que estaba previsto un seguimento para informar á corporación de como ían as obras. Di que non houbo ningún.

Que viron na prensa que vai abrir e pregunta se é no próximo mes, se se van iniciar os cursos, se abre só coa obra modificado do tellado ou se arranxou todo o que se desfixo nos nove meses que pasaron coa auga que caeu dentro e coa desidia do actual goberno municipal de non arranxar ese tellado.

Pregunta tamén canto custou a reparación do interior.

-Sobre o PAI fai alusión ao dito pola voceira popular de que non entendera moi ben e cre que non entendeu ninguén, ou a Sra. alcaldesa non se explicou ben. Que repetiu o mesmo varias veces o que é habitual desde que está no goberno: que as cousas veñen mal, que falta documentación, que hai que convocar as cousas setenta veces, e que con este asunto pasou igual, que tivo que facer catro convocatorias. Que nas catro convocatorias a Sra. alcaldesa dixo que houbera diálogo pero que non é así. Que o que houbo foi imposición do goberno municipal. Que está claro que foi un capricho porque nin sequera convocou o Pleno.

Que renunciaron a douscentos e pico mil euros no Concello de Muros por un capricho do grupo de goberno. Que unha cousa é o que se puidera dicir nas comisións informativas e outra cousa é o que se puidera votar no Pleno.

Que cren que é motivo suficiente para que dimita o non ter convocado ese Pleno, porque son douscentos e pico mil € da veciñanza de Muros. Que os perderon, ben para facer unha inversión ou ben para pagar parte de débeda. Que o pobo de Muros di que non estaba aquí para poder convocar o Pleno, pero que eles cren que foi por un capricho persoal ao non poder facer o que a Sra. alcaldesa quería. Que por iso renunciou a esa subvención.

-Pregunta polos colectores soterrados, que aínda están sen funcionar despois de nove meses.

-En relación ao problema da cadea que se puxo en Uía e que a Sra. alcaldesa informa que é un problema particular, que eles cren que é unha pésima xestión do goberno municipal xa que informa de que fixeron varias xestións que non valeron para nada e despois de pasar un mes enteiro decidiu falar cos da recollida de lixo porque puxeran unha cadea alí. Que supón que desde a oficina urbanística do Concello de Muros lle deberan informar de que para pechar calquera tipo de camiño, hai que retranquear. Que cren que desde o Concello se debeu

paralizar esa obra e sacar esa cadea. Pero que é unha desidia total do Concello de Muros e unha xestión pésima.

-Que pasa o mesmo coa xestión do asunto de Espina&Delfín. Que case se levantan pola mañá cunha convocatoria para ás 11.00 h. Que ás 14:30 h da tarde lles chega unha convocatoria sen cumprir ningunha normativa e que a Sra. alcaldesa di que hai que cumprir estritamente a lei. Que se hai unha normativa que di que as convocatorias urxentes non poden convocarse cun prazo menor da metade do tempo legal dunha convocatoria normal, que haberá que cumprilo. Que non van partir dun acordo nulo con algo tan importante como é o servizo de auga da veciñanza de Muros e Carnota.

Queren saber por qué a Sra. alcaldesa non lle deu o aviso, que tiña que darlo no mes de xaneiro, para evitar o problema que teñen agora de se a prórroga é de seis meses ou de cinco anos. Que iso vai levar ao Concello a un procedemento xudicial que vai custar sobre corenta mil euros.

-Con respecto ao camiño de Baño, que o Concello ten unha obra alí, que durante quince días estiveron abertas unhas gabias sen medidas de seguridade. Que unha señora ao pasar por alí danou un pé. Que deixaron a pala nun terreo privado e outras cousas nun garaxe. Que un veciño chamou ao concelleiro de Obras e despois de moito insistir que lle contestou que o problema era culpa dos obreiros que puxera o goberno anterior. Que cren que hai que ter un pouquiño de seriedade e que non se pode deixar unha obra quince días aberta sen tomar ningún tipo de medida de seguridade. Que polo menos se achegara por alí ou que pediran permiso para deixar a máquina no terreo privado.

Queren saber como está esa obra.

A Sra. alcaldesa pide ao concelleiro, o Sr. Quintela, que conteste á primeira pregunta sobre os aparellos depositados en Valdexería.

O Sr. Quintela contesta que non teñen ningunha incidencia na recollida de aparellos. Que esa recollida se vén facendo dúas veces ao mes. Que a empresa non se pon en contacto directo co Concello, que o fai a través da Mancomunidade e que esta non informou de ningunha incidencia na recollida de aparellos. Que ou ben os depositaron despois de pasar o servizo ou ben o servizo non o recolleu, pero que non lles comunicaron ningunha incidencia.

A petición da Sra. alcaldesa o concelleiro de Obras explica que unha cousa é que sexan aparellos de mobiliario e outra que sexan electrodomésticos. Que houbo un cambio de normativa no que respecta aos aparellos eléctricos. Que o servizo de recollida ten que contar cun camiión adaptado para portar ese tipo de residuos (neveiras, televisións ou calquera tipo de aparello eléctrico ou electrónico). Que Fomento lle comunicou á Mancomunidade que non dispón, neste momento, dese camiión para poder prestar o servizo. E que mentres non dispoñan del que non van recoller ese tipo de residuos. Que mentres a Mancomunidade non lle dea eses medios á empresa, esta négase a recollelos.

Á pregunta da concelleira do BNG, o Sr. Quintela di que o Concello está pagando un servizo e que non pode asumir sobrecustos.

A Sra. González di que a obriga de recoller o lixo é do Concello e a Sra. alcaldesa advírtelle que xa rematou a súa quenda.

-Sobre a recollida dos restos de poda das árbores, a Sra. alcaldesa contesta que a ten que facer a mesma empresa que fixo a poda porque está todo incluído no contrato e que agardan que o fagan en breve. Que hai lugares onde os restos son moitos porque levaban moito tempo as árbores sen podar.

O Sr. Quintela aclara que dado o volume de traballo a realizar, que nalgúns lugares levaban uns seis anos sen tocarlle ás árbores, concretamente no Artón e polo que dixeron, tamén no Cachón, que se optou por realizar a poda primeiro e despois a recollida dos restos. Que hai unhas semanas se recolleu en Louro. Que en Muros se recolleu no mesmo momento para evitar problemas polo paseo. E que nas zonas que se considera que se prexudica menos á veciñanza, que están pendentes de recoller ata que rematen os traballos de poda.

-En relación ás bolsas da Escola de Música, a Sra. alcaldesa contesta que non pasou nada, que se está a traballar nelas. Que están en Intervención e Secretaría traballando nos informes sobre a proposta que fixo o director da Escola de Música.

Aclara que non é verdade que non vaia haber este ano esas axudas como xa ten comentado algunha persoa no Facebook.

-Con respecto a “Acendendo o Nadal” e ás “comparsas”, que se pagaron e que se hai algún concurso pendente de “Muros Mira ao Mar”, que vai preguntar porque que ela saiba non hai, pero que vai mirar que pasou.

-Sobre os sinais para ciclistas pregunta a Sra. alcaldesa á concelleira Sra. Fernández a que se refire, e esta contesta que ás limitación de velocidade dos vehículos.

-En relación a que a xente que ve os Plenos por Internet solicita que se conteste pregunta a pregunta, a Sra. alcaldesa contesta á Sra. González, que está ben saber que despois de tantos anos sen gravar os Plenos agora lle preocupe tanto que a veciñanza teña un bo visionado destes. Que é grato ver cambios de postura positivos. Pero seguramente siga a contestar ás preguntas todas xuntas pois queda o debate máis ordenado e menos enleado.

-En relación a que quere ver as facturas das que se fala nas Xuntas de Goberno, que o punto da orde do día é dar conta das resolucións da Alcaldía. Que se a voceira socialista quere ver as facturas non ten máis que solicitalo e vir ao Concello. Que poderá ver todas as facturas que queira. Que no punto de dar conta das resolucións da Alcaldía, nunca se proporcionaron as facturas, en ningún goberno municipal.

A Sra. González di que é mentira e a Sra. alcaldesa contesta que non, que de feito ela, sendo parte da oposición, tenas solicitado moitas veces e que nunca conseguiu velas.

A Sra. González di que no Pleno pasado se deron a relación de facturas e pregunta o porqué de que neste Pleno non estea.

Explica a Sra. alcaldesa que as facturas que se levaron ao Pleno pasado fora un recoñecemento extraxudicial de crédito.

-Sobre a subvención de orientador/a laboral conxuntamente co Concello de Outes. Que vai estar dous días en Muros e o resto en Outes. Que non sabe exactamente que días. Que vai estar na oficina na que estaba o GAC. Que se coordinarán para ocupar a oficina e non coincidir.

Continúa dicindo que non se solicita ningunha subvención para o Concello de Outes, que se solicita para o Concello de Muros.

A Sra. González di que iso o pon No acordo da Xunta de Goberno.

-Sobre o pagamento de Portos, no Decreto 96, que non é o da festa de San Pedro.

-Sobre o custo da obra de "Chévere", que exactamente non o sabe pero uns 7.000,00 €, dos que aproximadamente a metade se fixo cargo o grupo EROSKI,.

-En relación ás denuncias dos/as traballadores/as da limpeza que efectivamente hai catro denuncias e sobre a situación na que están que teñen marcado un día para un acto de conciliación.

-Sobre o concurso de transporte adaptado, que cre que non era necesario convocalo e que de todas maneiras que o consultará con Secretaría e Intervención se hai algunha obriga de convocalo.

-En relación ao informe que solicita sobre a provisión de fondos do avogado, que non se preocupe que, con moitísimo gusto, llo dá.

-Que se van iniciar os cursos na piscina e que dentro os danos que había eran sobre todo de limpeza. Que están rematando. Que lle van dar un líquido para os fungos. Que hai algún dano onde está a conserxería, onde están as administrativas, no *pladur*. Que iso si está pendente de arranxar pero que non lle afecta ás persoas usuarias.

-Sobre o PAI, a Sra. alcaldesa pregúntase se foi por un capricho do goberno ou polo capricho de dous grupos da oposición. Que se o seu capricho foi non querer endebedar máis ao Concello de Muros para facer obras que se poden facer sen endebedarse, que si é un capricho pero que ao mellor e máis capricho querer endebedarse sen necesidade. E que non son douscentos mil euros dos muradáns, que son douscentos mil euros que a Deputación lle presta ao Concello de Muros e que este ten que devolver. Que non é un regalo. Que non se perderon douscentos mil euros que perderon de endebedarse en cen mil euros como querían o PSOE e o PP.

-Sobre os colectores soterrados que, como ben sabe a voceira socialista, que non están en disposición de poñelos a funcionar. Que hai problemas da Mancomunidade coa empresa FCC.

Que non son problemas do Concello de Muros. Que coa situación existente é difícil poñer en funcionamento novos servizos.

-En relación á cadea de Uía, que non poden mandar retirala, pois estaríanse extralimitando, xa que non é necesario solicitar licenza cando se pon en propiedade privada.

-Con respecto á convocatoria da Mancomunidade sen cumprir a normativa. Que non é certo. Que de feito eles teñen asistido a Plenos con bastante menos antelación ca un día. Que a normativa é a mesma que para unha sesión plenaria, polo que informou o Sr. secretario na Comisión.

A Sra. González di que o Sr. secretario advertiu de que podía ser nula.

-Sobre o camiño de Baño, contesta o Sr. Quintela que é unha obra de conexión de saneamento a unha vivenda. Que a verdade é que se demorou nos prazos de execución pola dificultada para apertura da gabia.

Que o mércores recibiu a chamada dun veciño e que na conversa con el lle pediu desculpas pola demora. Que se achegou ao lugar co aparelador municipal e que se tomarán as medidas oportunas para que na próxima semana se resolva.

Pregunta a Sra. González se sacaron a máquina do terreo.

A Sra. alcaldesa di que ela tamén falou con eles e non lle comunicaron que houbera ningún problema con ningunha máquina.

O Sr. García, voceiro do BNG, di que antes de nada quere desmarcarse dos outros grupos da oposición que están pedindo dimisións, que eles non piden dimisións, que ao contrario, que apelan á coherencia política, que está na súa man resolver os problemas que consideren que pode haber no Concello de Muros, que teñen maioría para facelo e legalidade vixente e que se deixen de demagoxias e fagan o que consideren que teñan que facer e que non poñan nas mans de terceiros os problemas que eles poden solucionar.

A Sra. González quíxase de que o voceiro do BNG non está facendo preguntas e a Sra. alcaldesa dille que rematou a súa quenda e que non interrompa ou terá que advertila por primeira vez.

Rogos e preguntas do BNG:

-Que o 15 de marzo de 2016 o seu grupo presentou un escrito no que dicía:

“A actitude que está a manter a Unión Europea na crise das persoas refuxiadas só pode ser definida como escandalosa e totalmente inhumana. Nas últimas datas observamos como se lle entrega unha cuantiosa cantidade económica dos impostos dos pobos integrados na Unión Europea para mercar o Estado turco facendo que este peche as súas portas, prohibindo o desprazamento de centos de miles de persoas que marchan dunha guerra que foi alentada polo denominado mundo occidental.

Ante isto solicitamos o seguinte:

-En sinal de denuncia desta barbarie humanitaria, que se retiren as bandeiras da Unión Europea que se atopan nos edificios municipais."

Pregunta por qué non se tivo en conta esta solicitude.

-Que no Pleno anterior argumentaron a necesidade de organizar Protección Civil para que sexa capaz de dar unha cobertura máis áxil e eficiente en todas as parroquias. Propuxeron a creación dunha agrupación por parroquia, que conte con tres ou catro persoas voluntarias, como mínimo, en cada unha delas, incentivando a participación cidadá con distintos estímulos. Pregunta se desde o goberno municipal se deu algún paso para poñer en marcha esta iniciativa.

-Que no Pleno anterior rogaron que se chamasen aos distintos grupos municipais para traballar sobre os orzamentos e como non se lles fixo caso nese rogo, trasladan as seguintes preguntas sobre os orzamentos:

Se se van engadir nos orzamentos partidas para as seguintes propostas: Viveiro de empresas, rehabilitación do Cine París, habilitación de bocas de rego nos núcleos rurais aos que non ten acceso o camión de extinción de lumes, creación do Museo do Mar, mantemento e mellora da sala NASMO, reapertura das oficinas de turismo, axudas a familias en risco de desafiuzamento da primeira vivenda, axudas a familias que padezan pobreza enerxética, reapertura da casa de acollida para mulleres vítimas de violencia machista, eliminación de barreiras arquitectónicas, aumentar o orzamento para clubs e asociacións deportivas que se dediquen ao deporte de base, recuperación das rutas dos muíños e demais sendas fluviais do concello (resaltan o lamentable estado dos muíños de Louro, que se atopan en estado ruinoso cos tellados caídos e cheos de maleza) e recuperación de sendas peonís e roteiros de sendeirismo nos contornos naturais do concello, con especial atención ao contorno natural de Monte Louro e lagoa de Xalfas.

Que como non se realizou ningunha reunión para negociar os orzamentos que poñen algunhas das cousas que eles consideran deben de incluírse para adiantar un pouco nesa negociación, xa que se esas cousas están incluídas, que quedaría pouco por negociar.

-Que lle chegaron queixas dalgúns veciños e veciñas de Esteiro porque observaron obras, nas últimas semanas, na illa da Creba. Que denuncian ademais que estas actuacións non son un feito esporádico, que os okupas que se apropiaron ilexítimamente da illa, levan facendo obras de xeito continuado no tempo sen ningunha repercusión.

Pregunta se o goberno municipal ten coñecemento de que se están a facer obras ilegais na illa. Se concedeu licenza o Concello para levar a cabo esas actuacións. Se ten pensado o goberno municipal levar a cabo algunha iniciativa que devolva a illa da Creba ao seu lexítimo propietario que é a veciñanza de Esteiro e por extensión o Concello de Muros.

-Que no Pleno anterior rogaron a creación dunha Comisión de Persoal que homologue os procesos de creación de persoal temporal do Concello.

Pregunta se hai algún progreso nese aspecto.

-Se teñen pensado elaborar unha relación de postos de traballo que clarifique a organización do persoal do Concello.

-Se hai algún avance na negociación con Telefónica para dotar de ADSL ás parroquias de Abelleira e Torea.

-Se está instalado o repetidor de televisión de Santa Catalina.

-Que reciben constantes queixas pola nula visibilidade que hai no cruce de Freixeiros. Se se vai tomar algunha medida para mellorar a visibilidade dos vehículos que acceden á estrada xeral desde este cruce.

-Se se vai restituír a rede de volei praia de Parameán antes de que chegue o verán e se se van instalar redes do mesmo estilo en praias doutras parroquias.

-Se se vai elaborar material de información turística para aproveitar a tempada alta de visitas. Que cren que é positivo adiantarse.

-Que sabe o Concello do arranxo do paseo marítimo de Esteiro. Se vai o Concello actuar de xeito unilateral nalgún punto para amañar algún tramo, como se ten comentado algunha vez.

-Se se vai levar a cabo algunha actuación na antiga unitaria de Portugalete. Que tanto o edificio como as árbores se atopan nun estado de total abandono e que é preciso que se actúe para evitar as molestias á veciñanza e males maiores derivados dalgún desprendemento.

-Que nas pasadas semanas puideron comprobar que estaba depositada no porto de Muros unha estrutura das polémicas gaiolas de salmón. Se sabe o Concello o que aconteceu con esa estrutura.

Se está a empresa adxudicataria colocando novas gaiolas na ría.

Se o Concello ten pensado actuar dalgún xeito para que, non só non se instalen máis gaiolas, senón que se retiren as existentes.

-Que estas semanas pasadas a fábrica de Sel fixo de auditorio improvisado para albergar distintas actividades culturais. Que a provisionalidade das instalacións non permiten que os eventos que alí teñen lugar poidan desenvolverse con normalidade da que gozarían nun auditorio acondicionado de forma permanente, como podería chegar a ser, algún día, o local do Cine París, destino para o que o concello adquiriu esa propiedade durante o goberno de Domingos Dosil.

Pregunta que vai acontecer coa nave de Sel. Se vai seguir a grada instalada de xeito permanente para futuros eventos.

-Que a última pregunta que tiñan era en referencia ao asunto de recollida de lixo en Uía, que entenden que está contestada.

-En canto aos rogos que desde o primeiro Pleno da lexislatura veñen reclamando do goberno municipal que elabore un plan de mantemento xeral para os espazos e as instalacións públicas que remate coa improvisación caótica na que leva inmerso, desde hai anos, o Concello, no que o mantemento funciona a golpe de chamada telefónica e queixa veciñal. Porén, mentres non se elabore este plan, rogan actuacións urxentes nos seguintes puntos:

1. Reparación na beirarrúa do Furón, que xa foi demandada con anterioridade. Aproveitando as obras de reparación do parque, que entenden debe arranxarse a beirarrúa que se atopa nun estado lamentable.
2. Remate das beirarrúas en Baño, que algunhas foron arranxadas antes das eleccións pero outras, que consideran estaban peor, como a que vai da ludoteca ao cruce de Anido e de aí en adiante cara á Boavista, seguen sen arranxar e que por iso rogan que rematen ese traballo.
3. Tamén rogan o amaño do fochancas na Pontella, Abelleira, no paso de peóns en Roquiño, no camiño que sobe de Sistamares á Pallagueira e na rotonda do Ancoradoiro. Que todos eles son fochancas importantes que necesitan urxentemente ser amañadas.
4. Amaño urxente do espazo lúdico e deportivo do Ancoradoiro, a poder ser antes de que chegue o bo tempo.
5. Reparación do paseo marítimo de Louro, que presenta deficiencias graves nalgúns dos seus tramos.
6. Rogan a retirada do valo que separa os bancos dos bambáns no parque da sala NASMO. Que entre os bambáns e os bancos hai un valo e os nenos e nenas para ir xunto das nais soben por riba. Que é unha molestia e un risco para eles.
7. Por último rogan que se cumpran os acordos plenarios e que non volva a pasar o mesmo que coa comisión informativa sobre as obras da piscina. Que se alegran da súa apertura e que entenden que foi moi dificultoso realizar a obra debido a cousas que viñan do pasado e outras sobrevidas con posterioridade. Pero que non entenden que habendo un acordo plenario do seguimento das obras nunha Comisión informativa, se teñan que informar pola prensa da reapertura da piscina e rogan que para no futuro se convoquen as comisións que se teñan que convocar.

A Sra. alcaldesa responde:

-En relación á arriada da bandeira da Unión Europea, que o estiveron valorando e ao final decidiron non facelo pois aínda que comparten a idea de que hai demasiada pasividade con conflitos tan graves como os que se están a vivir habitualmente, demasiado habitualmente, non lles parece que con arriar a bandeira se vaia conseguir nada e que non é algo xeneralizado en Europa e que ao final decidiron que quedara aí.

-En relación á pregunta sobre Protección Civil, que faloron co xefe e que van ver que propón. Primeiro que teñen que ver se hai persoal dabondo para facer un grupo por cada parroquia. Que é complexo pero que o está mirando e estudando.

-Sobre os orzamentos, que son benvidas todas esas propostas, que haberá ocasión de que se fagan máis detalladas pois que haberá reunións previas antes de levar os orzamentos ao Pleno. Que o concelleiro pode comentalos pois ten unha base dos orzamentos preparada para poder traballar sobre ela e que faltan as achegas dos grupos da oposición.

O concelleiro de Facenda, Sr. Uhía, explica que dentro dos orzamentos falta o punto de gastos de persoal, que se está pechando e que con respecto ao resto hai un borrador para que o vexan todos e todas e ver se están de acordo no que queren investir os impostos da veciñanza.

A Sra. alcaldesa di que o borrador será presentado aos grupos e que se traballará sobre el coas achegas.

O Sr. Uhía aclara que é un borrador, non unha proposta.

-Sobre as obras da Creba, que non teñen coñecemento de ningunha obra na illa e que desde o Concello non se deu ningunha autorización.

O Sr. García di que si se están a facer obras e desde hai tempo, que incluso se instalou fibra óptica.

A Sra. alcaldesa di que se mandará ao inspector de obras e que o investigarán.

-En relación ao cruce de Freixeiros, que alí xa, no mandato anterior, se colocara un espello para facilitar o acceso á estrada. Que aínda así segue sendo perigoso e que falta conseguir que non aparquen na parte de arriba pegados ao cruce.

O voceiro do BNG di que con unha liña amarela se solucionaría e a Sra. alcaldesa di que, senón queda máis remedio, que acabarán poñendo a liña amarela.

-Con respecto á rede de volei praia de Parameán, que se vai volver poñer e o de poñela noutras praias que vai depender do seu custo, que lle parece que non é un custo moi elevado e que o mirarán.

-No que se refire a RPT, que é unha das prioridades que o goberno municipal ten para esta lexislatura e que están mirando a maneira de abordala. Que contratada a unha empresa é custoso e que están mirando se a través da Deputación, poden.

Fala o voceiro do BNG dunha que xa se fixera e a Sra. alcaldesa di que ten uns seis anos e que como mínimo habería que revisala.

-En relación ás bases de selección de persoal que o falou co funcionario de persoal pero que polo de agora non hai avances.

-Sobre o repetidor de televisión en Santa Catalina que aínda non está colocado, que xa tiñan comentado que non é posible e que o terreo que cedera un veciño non é mesmo alí, que está a

uns cen metros e que non é só colocar unha torre, que hai que levar electricidade e a electricidade ten que pasar por outras fincas.

Que o veciño falou con ela ofrecendo o terreo pero que hai que ver a maneira de poder levar a electricidade.

-En relación á retirada do valo no parque da NASMO, que van miralo. Que ha que mirar se hai algún problema de seguridade xa que nos parques infantís hai unha normativa moi estrita.

A portavoz popular di que o valo non está dentro do parque senón entre a sala NASMO e o parque ao que responde o voceiro do BNG, que si, pero que hai nais que se sentan nos bancos que alí hai, aínda que tamén os hai dentro do parque. Que ao mellor unha cancela solucionaba o problema.

A Sra. alcaldesa di que o mirarán.

-Sobre o plan de mantemento de medio ambiente, que se lles pasa o listado que fixo o concelleiro do BNG que o inclúen aínda que algunha cousa xa está prevista. Pide que llo pasen por escrito.

-Sobre o paseo de Esteiro, que xa o comentaron. Que ela, nunha das últimas reunións que tivo co Sr. Eimil, lle dixo que o ter o proxecto feito lle facilitaba ao Concello facer algunha actuación de haber cartos. Que o que non lles parece moi acertado é facer inversión e que logo non se adecúe ao proxecto que lles din que está elaborando Costas.

-Sobre a unitaria de Portugalete, que aínda non miraron pero que saben que está en mal estado.

O portavoz do BNG, pide que polo menos se poden as árbores e a Sra. alcaldesa di que hai que miralo.

-Sobre a gaiola de salmón que se poñerán en contacto coa Confraría a ver se sabe algo ou lles comunica algo, ou coa Consellería do Mar. Que non teñen constancia nin coñecemento de que vaian colocar máis gaiolas. Que a postura particular da Sra. alcaldesa é que non estean e que se retiren. Que o consultará coa corporación e que nalgún caso xa se ten manifestado en Muros en contra das gaiolas.

-Que a grada de Sel se vai retirar. Que é unha instalación provisional que se puxo para a estrea da obra de "Chévere" e se deixou a petición da Asociación Praia do Castelo para representación do monólogo que organizaron para a "Noite de risas" para a fin de semana. Que Sel está destinado a Museo do Mar. Que mentres está utilizable para este tipo de eventos que atraen a moita xente, que lles parece interesante aproveitar pero que non é ese o destino. Que o sitio ideal lles parece o Cine París cando estea rehabilitado. Que cre que todos e todas son conscientes de que rehabilitar o Cine París, require moitos cartos, moita inversión, que teñen que buscar e que intentarán acollerse ás subvencións.

-En relación ao tema do Acoradoiro, que están valorando a posibilidade de solicitar algunha subvención para poder actuar. Se poden, estupendo pero senón terán que ver a maneira de facelo de xeito directo xa que hai zonas que están en moi mal estado.

O Sr. García advirte de que na solicitude de realización de obras se saltou unha que lles parece prioritaria, que é o tramo que hai en Creo e pasa pola zona da Chimenea, que está moi defectuoso e que hai unha recollida de augas que está totalmente deteriorada e pode atascar en calquera momento.

-Sobre o tema do ADSL, o Sr. Uhía di que na vindeira semana teñen unha reunión coa empresa Orange e que esperan ter unha solución directa para a veciñanza e que está o tema da antena de Vodafone e que tamén están pendentes dunha oferta de Vodafone.

O Sr. García di que esas son ofertas de empresas pero que Telefónica ten a obriga de dar o servizo.

O Sr. Uhía explica que Telefónica é a que ten a obriga de facelo pero que non respondeu ás súas peticións, e o Sr. García pide que por parte do goberno insistan.

O Sr. Uhía di que o problema do cableado de Telefónica é que unha das estacións está en Muros e a outra en Esteiro e estas parroquias quedan no medio.

O Sr. García di que é un problema de Telefónica que ten que resolver e que se teñen que facer unha inversión, que a fagan.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión do Pleno da Corporación sendo as vinte e unha horas e cincuenta e seis minutos. Dou fe.